

Os funestos presaxios que precederon á morte de César nos Idus de marzo

"Cando descubran as cinzas de Capys, un descendente de Iulo morrerá a mans duns familiares, pero non tardará en ser vingado polas desgrazas de Italia".

[Contido dunha prancha de bronce que se atopou na tumba escavada de Capys] Suetonio.



Relata Suetonio na "Vida dos doce Césares" un rumor que corría por toda Roma como unha mensaxe de mal agoiro nos días previos ós Idus de marzo: que os cabalos consagrados ós deuses por César ó pasar o Rubicón andaban soltos, sen dono, que se negaban a comer e rinchaban como se chorasen. Algún arúspice ousou dirixirse a César aconsellándolle que se gardase do perigo que o ameazaba para os Idus de Marzo. Estaba tan convencido César do seu poder que mesmo desprezou o valor dos presaxios e os consellos de augures e arúspices, os que consideraba unha gavela de falapoucos e baralleiros. Non lle tiña medo á morte, pois nin sequera aceptaba a súa propia garda persoal e, o que era peor, mostraba certos acenos tan autoritarios de desprezo ós senadores que moitos deles sentiron a súa dignidade ofendida.

Desde o seu triunfo en Hispania non deixaba de ser colmado de honores: sacrificios polo seu aniversario (honor divino reservado ós reis no mundo grego), votos anuais polo seu benestar, a inviolabilidade da súa persoa. Nas cidades de oriente xa lle concederan honores iguais ós deuses. Noutra ocasión, aínda que con non disimulada teatralidade, diante do pobo, desprezara outros honores, como o de unha diadema real que se lle ofrecera durante as Lupercalia, quizais co propósito de non asustar os defensores das liberdades da República romana.

Pero foi a concesión da ditadura vitalicia o que lle pareceu inaceptable a senadores convencidos por tradición de que a esencia da República residía na liberdade. Este ano eran

pretos Casio e Bruto, os cales tiñan na súa liña dinástica verdadeiros defensores da liberdade e contrarios ó poder monárquico, ó extremo de ter acuñado noutros tempos moedas coa lenda: "Liberdade".



Nos círculos políticos rumoreábase que esa confianza en si mesmo que transmitía César non era máis que a manifestación palpable de que non tardaría moito en instaurar un réxime monárquico, pois un oráculo sibilino afirmaba que os partos só poderían ser conquistados por un rei. Era preciso adiantar o asasinato de César para evitar que na sesión do Senado do 15 de marzo se investise de poderes extraordinarios. Casio e Bruto foron os verdadeiros guías do complot.

Os romanos eran moi dados a adiviñación e a interpretar presaxios e tomar estes como guía da súa actividade pública, particularmente en momentos de crise e inestabilidade política, como a derivada da guerra civil entre os partidarios de César e os de Pompeio. Non faltaron nin presaxios nin arúspices nin idealistas defensores da República que acabaron deixando a Roma nos brazos dun azaroso destino.

Cada vez que un romano miraba ó ceo un mantón de funestas advertencias cubría o seu espírito: na véspera dos Idus entrara voando nunha sala do Senado un reiseñor cunha poliña de loureiro no pico, nisto unha bandada de paxaros vidos do bosque do Capitolio, botáronse sobre el e fixérono anaquiños.

A noite anterior ó asasinato de César a súa esposa Calpurnia soñou que o tellado viña abaixo e que mataban ó seu esposo nos seus brazos mentres as portas do se cuarto se abrían con violencia. Esa mesma noite César soñaba que remontaba as nubes e lle tomaba a man a Xúpiter.

Antes de reunir o Senado era preciso ritualmente inmolar vítimas ós deuses e o arúspice non interpretou senón signos funestos. Ó chegar ó Senado un arúspice lémbrale que o perseguen

sinais ominosas como nubiros cargados de desgrazas, pero César non se deixou dominar por escrúpulos relixiosos. Nada facía a César desistir dos seus plans sempre fora un fatalista e confiaba cegamente na súa fortuna.

Suetonio describe este momento dos Idus de marzo do ano 44 a. C. na sesión do Senado na curia de Pompeio:

"Así que sentou, rodeárono os conspiradores coa desculpa de saudalo; neste momento Tulio Cimber, que era o encargado de empezar, achegóuselle para facerlle un rogo; César négase a escoitalo, indicándolle que non era o momento; de seguido cóllelle a toga polos dous ombreiros[Este era o sinal acordado polos conspiradores] e César grita: " ¡isto é violencia!".



Un dos Casca, que estaba ás súas costas, feriu máis abaixo da gorxa. César colleulle o brazo e atravesoullo cun puñal, tentou poñerse de pé pero un novo golpe derrotouno. 'O ver puñais por todas partes envolveu a cabeza na toga e coa man esquerda estirou o pano da túnica e cubriu as pernas, para caer ó chan dunha forma máis de acordo coa súa dignidade, mantendo oculta a parte inferior do corpo. Recibiu vinte e tres puñaladas e só cando sentiu a primeira deixou escapar unha queixa, sen dicir palabra. Cando estivo morto fuxiron todos, quedando tendido no chan ..."

Por Plutarco sabemos que os que non estaban no segredo da conspiración quedaron arrepiados polo horror e non se atreveron a fuxir pero tampouco a axudar a César, non era a hora de tomar partido.

Xa fose casualidade ou por propio interese escénico de algún dos conxurados César morre tendido ós pes da estatua de Pompeio no medio dun charco de sangue. Era a vinganza final de Pompeio.

Os conspiradores estaban convencidos de que o pobo romano, satisfeito pola morte do

ditador, buscaría neles protección. Pero Bruto leu no silencio tras o discurso explicativo das razóns do asasinato que non era como eles pensaban. Os senadores entón fuxiron e un pánico desolador invadiu as rúas de Roma, segunda vítima daqueles Idus dramáticos. O poder quedaba en mans dos partidarios de César.